

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 11 DE XULLO DE 2018

En relación co Grao en Dereito –inclusive o Programa Conxunto ADE-Dereito- acórdase por asentimento:

1º. Manter como data de celebración da xornada de acollida para o novo alumnado de primeiro curso (Curso Cero) o día 4 de setembro de 2018.

2º. Manter a data de presentación das materias do primeiro período fixada para o día 4 de setembro de 2018.

3º. Retrasar a data de inicio da docencia correspondente ás materias do primeiro período do curso académico 2018-2019 ao día 10 de setembro, en aplicación do Decreto 68/2018, do 21 de xuño (publicado no DOG o día 5 de xullo de 2018).

4º. Remitir ao profesorado implicado unha proposta para a recuperación os días 14 e 21 de setembro da docencia non impartida os días 5 e 6 de setembro coa finalidade de que poidan valorala antes da súa aprobación definitiva.

5º. Delegar na Comisión Permanente:

a) A aprobación definitiva das datas e horarios de recuperación da docencia correspondente aos días 5 e 6 de setembro.

b) As resolucións que procedan respecto ao calendario de actividades académicas da Facultade de Dereito para o curso 2018-2019.

Ourense, 11 de xullo de 2018



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión extraordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 11 de xullo de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 12 de xullo de 2018.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.